




DOENTES RENAI MAL ATENDIDOS Ó NON HABER TEMPO



Un paciente de diálise renal recibe tratamento

A falta de tempo e as preferencias de cada médico por unha determinada técnica fan que en moitas ocasións os enfermos renais non reciban "toda a información que necesitan" sobre as súas opcións de tratamento, polo que sería útil crear a figura do informador para asesorar sobre as diferentes técnicas de diálises, os cambios no estilo de vida que deberá realizar o paciente e contribuír a diminuír a ansiedade xerada polo diagnóstico. Esta é a principal conclusión á que chegaron os máis de 600 enfermos renais que, en representación dos 40.000 existentes en España, se reuniron en Madrid no marco das XX Xornadas Nacionais de Enfermos Renais. ●